

C. Hermida Gulías (2008): “O mar tamén ten amores”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato (eds.): *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 229-239.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

O MAR TAMÉN TEN AMORES¹

Carme Hermida Gulías

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA / FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

O cancionero popular é unha compilación de textos que admite moitos e moi variados niveis de lectura: dende o seu goce como creación artística e festiva ata a súa consideración como un recetario de regras e condutas sociais e, mesmo, como un conxunto de experiencias que, debidamente asumidas como exemplo, axudan a planificar ou sobrelevala vida propia. En relación con estas dúas últimas finalidades é que hai que encadrar e entende-la afirmación de X. Lorenzo (1973:11) de que “o pobo non fai poesía sen motivo; a cantiga xurde cando algo a xustifica”.

As cantigas que serven de base e fonte para esta contribución teñen sempre o mar —ou algún dos elementos que o compoñen e circundan— como escenario e proceden na súa totalidade das compilacións de Quintáns 2000 e Hermida 2003.

1 No inverno do ano 2002 un petroleiro con nome pretencioso deitou todo o seu cargamento sobre a costa atlántica galega. Ver como o mar se cubría de chapapote ante a impotencia daqueles que viven e gozan del e oír como a caste gobernante negaba a evidencia e se ocupaba máis de retesiar cos contrarios que de arbitrar medidas foi un trauma que intentei amortecer lendo textos que tiñan o mar como protagonista. De resultas desa terapia naceu a compilación *Polo mar abaixo vai* (Hermida 2003). No verán do ano 2006 o fume asolagou a terra e o mar galegos e o lume enguliu millóns de árbores, plantas, animais. O traballo de milleiros de persoas impediu que as mortes humanas fosen máis de tres, pero este xeneroso esforzo, aínda que a difuminou, non impediu que novamente me cubrise unha mesta vaga da impotencia, medo e rabia. O profesor e compañeiro Xosé Luís Couceiro, afeito a moverse polo océano dos cancioneros medievais en que me ensinou a vogar, entenderá que me volva mergullar nas cantigas tradicionais que falan do mar para eliminar ese cheiro a chamusco que me persegue.

A través delas examinaremos de que xeito organiza, poetiza e transmite as relacións afectivas e sexuais a sociedade galega da beiramar².

A literatura oral “é un vector privilexiado para captar os imaxinarios colectivos do grupo humano que a crea, os seus valores, as súas moralidade e crenzas” (Pereiro 1999:1), así e todo, a súa validez como fonte de documentación histórica e sociolóxica, en tanto que creación libre e con vontade de estilo, é relativa. Por iso, igual que fai González Fernández (2002:7) cando analiza a figura dos cregos na literatura popular, cómpre afirmar que esta contribución non ten máis valor có de ser un achegamento ós prototipos literarios con que as cantigas mostran as relacións afectivas e sexuais na beira do mar.

As relacións afectivas das mulleres

O mundo mariñeiro preséntase para as mulleres como o escenario ideal para estableceren relacións afectivas e como provedor do compañeiro ideal para convivir:

Se te queres casar
non cases cun carreteiro:
cásate cun mariñeiro
mollado do mar
e lavado dos salseiros.

Mariñeiro era meu pai,
mariñeiro, meu avó;
por un mariñeiro, nai,
por un mariñeiro morro.

Mariñeiro quero, madre,
mariñeiro me han de dar;
se non me dan mariñeiro,
solteiriña hei de quedar.

Teño un amor mariñeiro,
bonito como unha rosa,
teño medo que mo leve
algunha moza *envidiosa*.

Así e todo, o hábitat mariñeiro ten as súas detractoras como fornecedor de parella polas propias características do contexto socioeconómico en que se desenvolve a vida dos seus habitantes e por certos costumes sociais moi enraizados na beiramar:

A ribeira é mesquiña,
sempre o tivo de maña;
¿como me hei de afacer nela,
criadiña na montaña?

Non te cases queridíña
co mariñeiro do mar:
arma vela, arma vela
e vai para o seu lugar;
alza vela, alza vela
e vai para o seu lugar.

2 Esta contribución foi escrita ó mesmo tempo ca editada na revista *Ardentía* (Hermida 2007) coa que forma un todo.

O rexeitamento a ter de parella de vida un home mariñeiro, que traballa de noite, xustificase, maioritariamente, polo seu costume de acudir de día á taberna (“*Eu non quero home / que vaia ó mar, / que vai prá taberna, / vaise emborrachar*”). As consecuencias deste costume están moi ben expresadas nestoutra cantiga que une os malos tratos á muller con ese consumo desmesurado de alcol:

Xa non quero amores da beira do mar, que van <i>prá</i> taberna, vanse emborrachar,	vanse emborrachar, baten na muller, que os leve o demo por onde puider.
--	--

Estoutra cantiga “*o mar tamén é casado, ai / o mar tamén ten muller / a muller do mar é a praia, ai / bate nela canto quer*” parece que presenta unha relación matrimonial en que a muller é “batida” polo home, polo que é posible pensar que ese é un comportamento masculino considerado modélico pola sociedade. Neste caso, así é todo, resulta máis axeitado crer que o verbo “bater” está substituindo eufemisticamente a palabra tabú “foder”. Segundo Mariño (1995:126) é moi común nas cantigas representa-los movementos do varón no coito con palabras cargadas de grande agresividade como *mallar, tascar* e *picar*, entre outras. A existencia destoutra variante, claramente sensual, quere confirma-lo dito: “*o mar tamén ten amores, / o mar tamén ten muller; / está casado coa area, / dálle bicos cantos quer*”.

As condicións de vida inherentes ó traballo do mariñeiro, especialmente os perigos propios da profesión poden crear rexeitamento ou prevención para aceptar un pretendente da beira do mar (“*eu non quero homes / que vaian ó mar, / que hai moito fondo, / e van afogar*”), pero cando os sentimentos xa existen, o que máis abunda é a resignación ante o inevitable:

A moza do mariñeiro cando está pra se casar fai tamén roupa de loito sabendo o que vai pasar.	A muller do mariñeiro, cando el sae para o mar, se viúva non queda, viúva pode quedar.
A muller do mariñeiro pode contarse viúva, porque ten un pé no mar e outro pé na sepultura.	A muller do mariñeiro pódese chamar viúva: cando o home vai ó mar vaille para a sepultura.

Ante este feito, existen tres alternativas: intentar convince-lo home para que abandone ese medio de vida, rezar para que non se produza a desgraza ou confiar na natureza, especialmente na benignidade do vento, forza motriz única na navegación a vela, e na sorte para que a volta se produza con ben:

Non vaias ó mar, Manuel,
 que eu te hei de manter
 co fuso e máis ca roca,
 que de quince en quince días
 fioche unha mazaroca.
 Velo aí vai o mariñeiro
 en vela a todo correr.

Deus o traia san e salvo
 para a casa, á súa muller.

Vente, ventiño do mar,
 vente, ventiño mareiro,
 vente, ventiño do mar
 tráeme o meu mariñeiro.

As relacións afectivas dos homes

Un home, mariñeiro ou non, que busque unha compañeira de vida na beira do mar pode empregar-lo cancionero como guía para saber cales son os lugares en que hai mozas máis xeitosas e cales as tachas que caracterizan as doutras partes:

Marín ten bos mariñeiros,
 tamén os ten Estribela
 e para mozas bonitas,
 as nenas de Pontevedra.

Fisterra de todo ten,
 Fisterra de todo ten:
 bo marisco e boas praias,
 e boas rapazas tamén.

As rapaciñas do Burgo
 xa non se poden casar,

que lles cheira moito o alento
 ó salitre do mar.

As de Rianxo gastan refaixo
 cando se van a bañar;
 en troques as de Camelle
 non lle teñen medo ó mar.

En Redes hai boas mozas,
 en Ares hai a flor delas,
 en Mugardos refugallo,
 non hai quen case con elas.

Alén do lugar da beira do mar en que se escolla a parella, a sociedade, a través do cancionero, é moi amiga de indicarlle a quen pretende cales son as características físicas que mellor lle acaen a unha compañeira de vida ideal:

A sardiña cabezuda
 salta fóra do truel;
 pequeniña e mais ben feita,
 así quer ser a muller³.

Sardiña fresca no lodo,
 redondiña no panel;

así quere o mariñeiro
 redondiña a súa muller.

A muller para ser boa
 ten que ter o cu de pao,
 a barriga de manteiga
 e o peito de bacallao.

3 A razón polo que a muller ideal é a de pequeno tamaño explícaa moi ben estoutra cantiga: “a muller e a sardiña / querémola pequeniña; / mentres a grande se baixa, / ela varre a cociña”.

Unha vez aparecida a amada hai que iniciar un proceso de aproximación e facerlle as beiras. Consonte co refrán “a muller e a troita engádanse pola boca”, o proceso de namoramento ten que estar cheo de conversas, retesías e palabras amorosas. Os diálogos poéticos que se transcriben a seguir son magníficos exemplos das armas empregadas para seducir⁴:

-Mociña que sabes ler,
que sabes ler e contar,
tamén me podes dicir
as areas que hai no mar.

-As areas que hai no mar
non as fun contar ó fondo,
tamén me podes dicir
os homiños que hai no mundo.

-Anque teña máis amores
que ten areas o mar,
por ti, miña queridiña,
tódolos hei de deixar.

-Pois se a min *sola* me queres,
palabra che hei de dar,
que antes de eu faltarche a ti,
faltará a auga do mar.

As propias circunstancias de vida da muller ribeirá, especialmente o seu contorno físico, esixen do home unha dedicación e un esforzo físico e económico considerable para manter acesos os sentimentos:

Eu pasei o mar a nado,
queridiña, por te ver;
eu pasei o mar a nado
a riscos de me perder.

Queridiña, por te ver,
queridiña, por te ver,
pasei o mar de cheo
a pique de me perder.

Pasei o mar da Marola,
ferrolana, por te ver,
paseino de madrugada
e a pique de me perder.

Eu pasei o mar de Vigo
con ferreñas e pandeiro;
estas túas falas, meniña,
tamén me custan diñeiro.

Malia que o amor pode ser moito e intenso como mostran os textos anteriores, nalgúns casos axiña aparece o desamor que, mesmo sendo definitivo, tamén orixina certa saudade:

Ó pasa-las illas de Ons,
acordáchesme, meniña;
agora que van pasadas,
coma se nunca te vira.

Quíxente moito, meniña,
heite volver a querer,
cando o mar sexa de pedra
e as pedras leña de arder.

4 Consonte coa clasificación que fai X. Lorenzo (1973:14) o primeiro par de cantigas pertencen a un “desafío”, mentres o segundo corresponde a un “cortexo”, diálogo entre un mozo e unha moza que trata de tema amoroso.

Pola pena da Marola,
 ¡adeus, miña queridiña!;
 polas illas de Sisargas,
 ¡coma se nunca te vira!

Indo polo mar abaixo
 sentín cantar e escoitei.
 ¡Vállame Deus, que ben canta
 a nena que eu *olvidei!*

O amor, que inicialmente pode chegar a callar e a orixinar unha convivencia e uns fillos, non está tampouco libre de cambiar de depositario. É así como aparecen as infidelidades, que no mundo mariñeiro son máis doadas de consumir polo traballo nocturno do home:

Era un mariñeiro que saía para o mar tódolos días. E era casado. E entonces había o viva-cho que saía o mariñeiro para o mar e viña o outro para xunto a muller.

Unha noite saíu para o mar e, ó chegar, o mar estaba moi bravo e deu volta para a casa. Chegou á casa e meteuse outra vez na cama, porque viña moi de madrugada. E o contrin-cante, que pensou que o home estaba no mar, chegou á casa e petoulle na porta á muller para que lle abrira.

E a muller, claro, viuse nun compromiso porque tiña o home na cama e e viña o outro para xunto a ela. Entón, tiña un crío pequeno e beliscouno no cu para que empezara a chorar. Ó empeza-lo neno a chorar púxose a arrolalo e a cantarlle para avisa-lo outro. Cantoulle así:

- Saíron para o mar
 e estaba mal tempo.
 No medio da ría
 deron volta para dentro.
 Ai ron, ron,
 esta noite non.
 Ai ron, ron,
 esta noite non.

Pero o outro non entendía o que lle día a muller e volveu petar outra vez. A muller cantou de novo:

Se non me entendiches,
 enténdeme agora,
 que vas espertar
 o pai do que chora.
 Ai ron, ron,
 esta noite non.
 Ai ron, ron,
 esta noite non.

E como volveu petar, rematou:

Sáeme da porta,
 pon os pés na lama,
 que vas espertar
 ó que está na cama.

As relacións sexuais

Ata a momento estivemos a falar do home e da muller como desencadeantes e depositarios de sentimentos amorosos, pero no cancionero hai cantigas que os mostran como persoas con desexos sexuais que reclaman a presenza do outro ou da outra para a súa satisfacción.

Segundo Mariño Ferro (1995:7 e ss.), “o home, a diferenza do resto dos animais, que se rexen polo instinto, regula conscientemente o seu comportamento (...) no que hai que incluír a actividade sexual”. Esta regulamentación ten unha consecuencia positiva —“a excelente adaptabilidade dos humanos a medios xeográficos e sociais distintos”— e outra negativa: o establecemento de prohibicións, de interdicións que implican renuncias e represión e, en consecuencia, o ocultamento daquilo que está prohibido.

O ser humano ten desexos sexuais que aspira a satisfacer, mais a sociedade obríga a ocultalos e a non falar deles publicamente. Como para educar, para informar, para sobresaír socialmente cómpre falar tamén do tema sexual, faise xurdir un proceso psicolóxico “que coacciona al individuo a elegir de entre las posibilidades que la lengua le ofrece, aquellas que, a su vez, le van a permitir designar mitigadamente lo peligroso, lo obsceno, lo desagradable, lo malsonante, etc.” (Montero, 1981:22). O eufemismo —entendido como a manifestación lingüística da interdicción (Montero, 1981:23)— e a dobre linguaxe son os mecanismos postos en marcha pola sociedade para falar das relacións sexuais.

As cantigas empregadas como exemplos no apartado das relacións afectivas non presentan dificultades de lectura e de interpretación; as que aparecerán para exemplificar as relacións sexuais, son moi diferentes, fundamentalmente por presentaren os obxectos e accións da vida diaria dos mariñeiros cun valor simbólico e como metáforas de órganos e accións das relacións sexuais, etc. As máis difíciles de interpretar cando só se dispón para a súa análise do texto son, sen dúbida, as que teñen dobre sentido. Nun contexto comunicativo determinado estas mostran claramente o contido sexual e tamén a pericia literaria do seu autor ou autora. Cando o contexto se descoñece, a lectura recta da copla faille perder toda a orixinalidade que doutro xeito adquirira.

Unha das palabras en que máis doadamente se observa este dobre sentido e o uso metafórico é o verbo “pescar” que, segundo Mariño (1996:103-104), é un símbolo da conquista sexual e do seu acto máis representativo, a cópula. Que os homes pescan mozas para gozalas e satisfacer desexos exprésano con claridade as seguintes cantigas:

Eu fun a Muros pescar,
pesquei unha *muradana*,
se a pesquei fixen ben,
durmo con ela na cama.

As nenas do Son
van a navegar.

Eu son mariñeiro,
heinas de ir pescar.

Estando no mar pescando,
estando no mar pesquei
unha rapaza bonita
e con ela me casei.

O movemento das ondas do mar é, segundo Mariño (1996:125 e ss.), un dos símbolos do movemento do macho durante a cópula. Sendo así, debemos considerar que nas cantigas que se inclúen a seguir hai un dobre sentido. No recto falan dunha muller que por descoñecemento do mar comete unha equivocación; no figurado contan que unha muller mantén relacións sexuais cun macho vigoroso (Mariño 1996:126)⁵ e que estas acabaron cunha exaculación abundante:

Fun por laranxas ó mar,
que é cousa que o mar non ten,
así saín molladiña
das ondas que van e vén.

Fun ó mar buscar o lume,
que é cousa que o mar non ten;
toda chego anegadiña
de ondas que van e vén.

Para establecer e manter relacións sexuais, o primeiro que hai que conseguir é un punto de excitación ó que se pode chegar por un proceso físico ou mental. Consegui unha excitación por estimulación física é o que piden os dicidores das seguintes cantigas en que o temón e o rizón —por seren obxectos con puntas e que se espetan— aparecen como metáfora do órgano sexual masculino:

Tras do cabo de Fisterra
caeume o rizón ó mar:
rapazas de Camariñas
axudáimo a levantar.

Ó saír de Caldebarcos
caeume o temón ó mar.
Rapaciñas de Carnota,
vídemo levantar.

A excitación sexual causada nos homes pola visión dunha muller do seu gusto preséntase coa metáfora do movemento dun barco coas velas despregadas e inchadas polo vento:

María, miña María,
miña María Manuela,
o aire da túa saia
fai andar un barco en vela.

Miña prima Manuela,
miña prima Manuela:
o aire da túa saia
fai andar un barco en vela.

5 En relación con este símbolo está o rito das nove ondas que toman as mulleres con problemas de fecundidade durante a romaría da Lanzada. No cantigueiro a referencia a el móstrase na seguinte cantiga: “*Levei a miña muller / á Lanzada, ás nove ondas; / leveina a desenfeitar / e botar os demos fóra*”.

Da necesidade de calma-la excitación sexual e do gusto por enredar en xogos sexuais fálase nestoutras cantigas. Na primeira preséntase de xeito directo a alegría das mozas pola volta das súas parellas; na segunda, unha comida tipicamente mariñeira que se fai con varios peixes cocidos, a *caldeirada*, e o aparello que se larga para pescar, *arte*, funcionan como metáforas dos xogos sexuais:

Pola ría vai entrando
un barco cheo de flores:
¡delicia, boas rapazas,
que xa chegan os amores!.

Alegría, miñas nenas,
que hoxe temos caldeirada:
aí veñen os daquela banda
todos coa arte largada.

O mar como símbolo do home bravo que axude a calma-lo desexo sexual —representado coa metáfora de patea-lo cabelo pola súa relación co pelo púbico— aparece novamente nesta cantarea nada sutil nin comprensiva coa situación de Pelonia:

Miña comadre Pelonia
foi ó mar buscar argazo
para *peinar* o cabelo
que lle cría lendiazo.

No cancionero do mar hai un conxunto significativo de cantigas que presentan un home e unha muller no interior dun barco, os dous realizando funcións necesarias para a navegación:

E Sabela vai na vela
e Ramón vai no timón;
e Sabela vai chorando
bagullas do corazón.

Avelina vai na vela
e Ramón vai no temón;
os rapaces van chorando
lágrimas do corazón.

Na realidade do mundo do mar as mulleres —con algunha excepción como as da illa de Sálvora— non adoitaban traballar no interior dos barcos e daquela non tiñan coñecementos das técnicas de navegación. Cómpre considerar pois que as cantigas anteriores están dicindo máis do que se extrae dunha primeira lectura. Aínda que Mariño Ferro (1995) non recolle esta situación no seu documentado libro *O sexo na poesía popular* coido que a navegación a vela dun home e dunha muller é unha boa imaxe para representa-lo acto sexual, cando menos nos seus prolegómenos. O temón, na medida en que se espeta e se dirixe, representa o pene; a vela non remitiría só ó órgano sexual feminino senón a todo o corpo da muller que se move en función da dirección que lle indica o temoeiro.

Se nas cantigas anteriores se ve unha clara simboloxía sexual coa representación dun acto coa muller como elemento pasivo, o mesmo acontece na seguinte, só que neste caso a muller é quen se presenta activa durante o acto sexual:

Farruquiño vai en vela
 polo río de Padrón;
 Farruquiño vai en vela,
 María vai ó timón.

O mar como lugar propio para o acto sexual, que nestes casos se simboliza coa acción de embarcarse nun bote ou coa máis clara de colle-la semente, preséntase nestas cantigas:

Indo polo mar adiante
 indo polo mar adiante
 embarcada no meu tirutirulirulí,
 embarcada no meu tirutirulirulá,
 embarcada no meu bote,
 acordáronseme as papas,
 acordáronseme as papas

que deixaba no meu tirutirulirulí,
 que deixaba no meu tirutirulirulá,
 que deixaba no meu pote.

Polo mar vai o ourogo,
 vamos coller a semente;
 quen nos mal quer, queridiña,
 quen nos mal quer, que rebente.

Á vista de todo o dito con anterioridade nada de estraño ten que se atope unha cantiga en que a invitación a un adulterio se presente metaforicamente como un con-vite a ‘ve-lo mar’:

Ven ve-lo mar, queridiña,
 ven ve-lo mar que devala;
 se *n’o* ves da túa porta
 veralo da miña *ventana*.

Sobre as consecuencias para a muller de consuma-las relacións sexuais parece preguntarse esta cantiga que, polo uso da palabra ‘argana’ como sinónimo de ‘espiña’, se fixo no mundo labrego. Cunha lectura que só pretenda ve-lo sentido recto do texto é difícil precisar de que trata; se poñemos en marcha unha nova lectura que nos deixe ve-lo dobre sentido e consideramos que a sardiña —en tanto que peixe alongado e escorregadizo— é símbolo e metáfora do órgano sexual marculino, axiña veremos que a finalidade do texto é preguntar polo procedemento para ocultar ou evitar embarazos non desexados:

Casadiña de tres días;
 viúva de tres semanas,
 ¿Cando cóme-las sardiñas,
 onde bóta-las arganas?

Bibliografía

- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, H. (2002): “O crego cando namora. A imaxe dos sacerdotes na poesía popular galega dos séculos XVIII e XIX”, en *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*. Ourense: Deputación. 15 (maio 2002), pp. 5-17 e 16 (novembro 2002), 30-45.
- HERMIDA, C. (Comp.) (2003): *Polo mar abaixo vai...Cantigas populares sobre o mar*. Santiago: Positivas.
- HERMIDA, C. (2007): “A imaxe da muller nas cantigas do mar” en *Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial*, 4 (2007), 70-79.
- LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1973): *Cantigueiro popular*. Vigo: Galaxia
- MARIÑO FERRO, X. R. (1995): *O sexo na poesía popular*. Vigo: Edicións do Cumio.
- MONTERO, E. (1981): *El eufemismo en Galicia. (Su comparación con otras áreas romances)*. Anexo 17 de *Verbo*. Santiago de Compostela: Universidade.
- PEREIRO PÉREZ, X. (1999): “Antropoloxía e literatura oral”, en *Antropológicas* 3 (1999), 71-77. Citamos pola versión electrónica incluída en www.galiciaencantada.org.
- QUINTÁNS SUÁREZ, M. (2000): *Cancionero do Fisterra galego. 2500 cantareas comentadas e clasificadas por temas*. 3 tomes. Noia: Toxosoutos.